



## **Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o Concello de Vilanova de Arousa e o Concello de Cambados para a explotación da estación depuradora de augas residuais de Tragove**

### **1. Antecedentes**

O 18.01.1993 e o 10.03.1993 os concellos de Cambados e Vilanova de Arousa, respectivamente, ao abeiro do disposto no Decreto 18/1987, do 14 de xaneiro, de colaboración entre a Comunidade Autónoma e entidades locais en materia de obras hidráulico sanitarias, solicitaron a Augas de Galicia a financiación e execución da obra "EDAR de Cambados e Vilanova de Arousa (Pontevedra)" (EDAR de Tragove), correspondéndolle polo tanto e de acordo co disposto no dito Decreto, asumir a explotación, conservación e mantemento das obras unha vez rematadas e postas a disposición por Augas de Galicia.

Con posterioridade, o 6.7.2005, formalizáronse o contrato Complementario número 1 e, o 3.8.2005, o contrato modificado da antedita obra.

Rematada a execución das obras e postas estas a disposición dos concellos, estes non chegaron a asumir as súas obrigas en canto á súa explotación, conservación e mantemento, sendo a Administración hidráulica de Galicia a que veu prestando o servizo de depuración dende o mesmo remate da súa execución

En atención ao anterior, o 20.07.2005 Augas de Galicia, previa autorización do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 12.05.2005, formalizou o contrato de xestión de servizo público en réxime concesional para a explotación da EDAR de Cambados. Cambados (Pontevedra), por un prazo de 15 anos prorrogables.

O citado contrato, logo de prorrogarse, finaliza o 9.8.2022 e esta entidade prevé a súa prórroga ata a recepción da obra "Adecuación do tratamento secundario e terciario e outras actuacións de mellora na estación depuradora de augas residuais de Tragove. Cambados (Pontevedra) (OH.336.1191)", ou ata o 31.12.2023, a primeira das dúas datas

Os Concellos de Cambados e Vilanova de Arousa consideran necesario que Augas de Galicia continúe a xestionar e explotar as instalacións da estación depuradora de augas residuais de Cambados e, en consecuencia, a prestación do servizo de depuración de augas residuais de competencia municipal.

### **2. Obxectivos que se pretenden**

O obxecto deste convenio de colaboración é establecer as condicións nas que a entidade pública empresarial Augas de Galicia continuará a asumir a xestión, explotación, conservación e mantemento da estación depuradora de Tragove, de titularidade dos concellos de Cambados e Vilanova de Arousa.





### 3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

A evacuación e tratamento de augas residuais é unha competencia propia municipal, establecida no artigo 25.2.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 80.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e que tamén recolle a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia como de competencia municipal nos seus artigos 5 e 27, dentro do reparto de competencias que efectúa entre as diferentes administracións públicas de Galicia en materia infraestruturas hidráulicas.

De acordo co artigo 24.2 da citada Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia a actuación das administracións autonómica e local terá como finalidade, en materia de saneamento e depuración, contribuír á consecución do bo estado ecolóxico das augas e dos seus ecosistemas asociados. Neste sentido, Augas de Galicia poderá formalizar os convenios que sexan precisos coas entidades locais para conseguir os obxectivos das políticas de saneamento e depuración fixados, no ámbito da colaboración e cooperación que debe presidir as relacións entre administracións, tal e como se recolle no artigo 30 da citada Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

### 4. Vinculación co contrato público para a xestión e explotación da EDAR

Este convenio non ten asociadas obrigas de contido económico para Augas de Galicia, xa que a súa plena eficacia está directamente vinculada á vixencia do contrato de xestión de servizo público en réxime concesional para a explotación da EDAR de Cambados. Cambados (Pontevedra)

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela  
A directora de Augas de Galicia  
Teresa María Gutiérrez López  
(*asinado dixitalmente*)

